

Lectores expertos/as

Os Megatoxos e os templarios da luz. Anxo Fariña. A Nosa Terra

Terceira entrega das aventuras de Ninfa, Ruxe, Faísca e Lúa na que descubrirán as redes dos misteriosos Templarios da Luz e viaxarán a París na época da Revolución Industrial.



O tesouro de Saida. Eva Peydró. Planeta Oxford.

Na compañía de Fernando e Saida descubrirán que teñen en común o mar Caribe e o deserto do Sahara. Entre piratas despiadados, oasis e camelos, has atopar un tesouro de valor incalculable.




O home do traxe branco. O accidente. Erikberto Muela Quesada. Xerais.

Ciencia ficción ambientada en Galicia. Uns rapaces descubren unha nave espacial da que descende un misterioso home con traxe branco, acompañado dun estraño animal.




O pazo máxico. A túa primeira escola de maxia. Pedro Volta. Baía

Se soñas con ser mago/a, con este libro poderás facer realidade os teus soños e vivir unha aventura alucinante nun pazo máxico onde te converterás nun aprendiz de mago/a.



Leonardo da Vinci. Steve Augarde. Baía

Con só dez anos, Paulo convértese en aprendiz de Leonardo da Vinci, o gran pintor e inventor. O seu diario mostra a visión dun neno sobre un tempo e un lugar fascinantes, ademais de penetrar na mente dun dos maiores xenios do mundo.



As nosas recomendacións de lectura

Xa chegou o Nadal!


Sabemos que tedes preparadas as vosas peticións de agasallos para estas festas, pero tamén que estades esperando polas recomendacións das vosas bibliotecas. Este ano, por primeira vez, facémolas conxuntamente as bibliotecas do CEIP “A.D.R. Castelao”, do CEIP “Ana María Diéguez” e do CEP “Xose M^a Brea Segade”, porque queremos que o calor dos libros chegue aos nenos e nenas de Rianxo, Asados e Taragoña por igual.

Gozade coas vosas familias e cos libros nestes días de lecer.

De película

Onde viven os monstros Maurice Sendak. Kalandraka.

Un clásico da literatura infantil que nunca pasa de moda pero que este Nadal dará moito que falar pola estrea da película nel baseada. O libro gústanos tanto que esperamos con ganas ver a peli.



As bibliotecas do:

CEIP A.D.R. Castelao de Rianxo

CEIP Ana M^a Diéguez de Asados

CEP X. M^a Brea Segade de Taragoña

Desexámosvos un

Bo Nadal
ao calor...



dos libros

Prelectores/as


Coida as maneiras. A vestirse! Por favor comparte! Checa Díaz. A Nosa Terra.

A colección *Os libros de Tatá* ofrécenos varios títulos que axudan aos máis pequenos a descubrir valores e hábitos.



Cando? Onde? Que é? Quen é? Leo Lionni. Kalandraka.

Estes catro libriños abordan catro preguntas importantes que os cativos respostarán grazas ás ilustracións.



A araña e máis eu. Fran Alonso. Kalandraka.

Descubrir o noso corpo grazas a unha araña que un bo día decidiu percorrelo de arriba a abaixo.




A sopa queima. Pablo Albo. OQO

Aprender a enfrentarse aos pequenos retos diarios, que as veces aos adultos/as nos parecen insignificantes, usando a imaxinación.




Antón e o apalpador. M. Castro e M^a M. Ameixeiras. Barafunda Editorial. Ás montañas do Courel chegaba cada Nadal o Apalpador para facer realidade as ilusións dos nenos e nenas. Poderá vir tamén á túa casa?



Primeiros lectores/as


O meu pequeno animalario: Os animais da granxa, As crías dos animais salvaxes, A montaña e o bosque e Mares, ríos e lagos. Baía.

Catro títulos para descubrir o mundo dos animais con información axeitada a pequenos lectores/as, fotografías, debuxos e xogos.




Fiz o coleccionista de medos. Fina Casalderrey. OQO

Fiz non era como os demais nenos: era o máis medorento do mundo! Os medos e como por medio da risa podemos chegar a superalos.




O castelo de Marbel. Bernardino Graña. A Nosa Terra

Viaxamos ao castelo de Marbel para coñecer a historia dunha princesa que quería aprender e a que lle gustaba ler.




Os sete cabuxos, Os catro amigos, Branca neves e os sete anaos e O galo Quirico Audiocontos. Galaxia

Os audiocontos ofrécennos historias de sempre para ler e escoitar nunha edición moi coidada tanto no que se refire aos textos e ilustracións, coma ás gravacións. Catro títulos á nosa disposición.



No cubil da lúa. Xoán Neira. Baía

Libro de poemas no que se describen 14 animais que viven en liberdade baixo o amparo da lúa.



Lectores autónomos/as


Vouvos papar. Luz Mendez. Xerais.

Dous nenos conectados polo correo electrónico e o chat, viven unha aventura na Internet cando os chucha o seu ordenador coma se os prendese unha aspiradora. Quen é que os quere papar?




Pregunta á Dr. Peteiro sobre o Planeta terra. Claire LLeWellyn. Baía

Nova entrega da serie da Doctora Peteiro e o seu consultorio de temas de natureza. Os últimos títulos tratan sobre o noso planeta e sobre o tempo.




A dama da luz. Agustín Fernández Paz. Xerais.

Marta coñecerá o segredo do seu avó. Fervoso álbum ilustrado, ambientado en Vigo, envolto nunha atmosfera de misterio e protagonizado por toda clase de criaturas fantásticas.



Violeta non é violeta X.A. Neira Cruz. E. Macmillan

Violeta só foi violeta o día que naceu, e o seu pai ao vela escolleu o seu nome. Agora, aos seus oito anos busca un nome para o seu futuro irmán, mentres teme que a súa nai a queira un pouco menos cando naza ese bebé que leva na súa barriga.



Os globos de andar. X. López Rodríguez. Baía

Marcos múdase a unha nova cidade e leva un montón de inquiredanzas. Fará novos amigos e terá un misterio por resolver.

